

Resolución da Dirección Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se comunica o emprego da lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no Plan de xestión conxunto do recurso específico SOLÉNIDOS, modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, das Confrarías de Pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira.

Antecedentes

1. O 15.12.2021 esta dirección territorial ditou a Resolución pola que se fixo pública a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión conxunto para o recurso específico Solénidos, modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, das Confrarías de Pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira (en diante plan de xestión).

2. O 17.12.2021 esta dirección territorial ditou Resolución comunicando o emprego da lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión, que deu como resultado, entre outros, o outorgamento dunha (1) cota máis á embarcación CALA FIGUEIRA, que pasou de ter unha (1) a ter dúas (2) cotas de captura no seu permiso de explotación.

3. A Orde do 19 de decembro de 2024 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027. (DOG Núm. 251, de 31.12.2024s).

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión (PE410A 2024/20-1), estableceuse un número máximo de 18 embarcacións con 53 tripulantes habilitados con dereito a cota para todo o trienio 2025-2027, con distribución de embarcacións e cotas por confrarías.

Trala finalización do último proceso de renovación de 2024 desta modalidade nas entidades titulares do plan de xestión conxunto para o trienio 2025-2027, o número de embarcacións con solénidos no permiso de explotación autorizadas para participar no plan foi de 16 embarcacións e 45 habilitacións.

4. O 10.03.2025 esta dirección territorial ditou Resolución pola que se convoca o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de Solénidos ao abeiro do plan de xestión para dúas (2) embarcacións con seis (6) habilitacións para mergulladores no ámbito da confraría de Lira, que se resolveu o 30.07.2025 coa publicación da lista definitiva de embarcacións seleccionadas para o outorgamento da modalidade (corrección de erros do 01.08.2025).

Departamento Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
departamentoterritorial.mar.coruna@xunta.gal



5. O 29.04.2025, tralas actualizacións do 20.02.2025 e do 26.03.2025, esta dirección territorial dita resolución pola que se actualiza a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión.

6. A Resolución do 03.10.2025 desta dirección territorial comunicou ás persoas armadoras das embarcacións integrantes da lista aberta, do ámbito da confraría de Corcubión, o uso dela para ofertar unha (1) cota a embarcación AYENKA (CFPO: 57540) segundo a orde de prelación.

7. O 14-10-2025 e rexistro de entrada nº 2025/2837351 a persoa armadora da embarcación AYENKA (CFPO: 57540) presenta o escrito no que rexeita a cota ofertada.

Consideracións legais e técnicas

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece nos artigos 39 a 46 o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión. No seu artigo 39 establece un sistema de lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión na que a orde de prelación das embarcacións virá determinado pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto no artigo 43.1.

2. As solicitudes presentadas valoráronse de acordo co establecido no anexo I (epígrafes A e C) da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

3. As embarcacións admitidas están incluídas no plan de xestión conxunto de Solénidos das Confrarías de Pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira e cumpren os requisitos establecidos para participar no sistema de listas para o incremento do número de cotas de captura do recurso específico Solénidos (artigos 41 e 42 da Orde do 30 de decembro de 2015).

4. O número de cotas das embarcacións participantes existente na actualidade é de 51 (Fisterra: 13 embarcacións/36 cotas; Corcubión: 3 embarcacións/9 cotas e Lira: 2 embarcacións/6 cotas), número inferior ás 53 establecidas como máximo no plan de xestión aprobado (Fisterra: 13 embarcacións/37 cotas; Corcubión: 3 embarcacións/10 cotas e Lira: 2 embarcacións/6 cotas). Deste xeito, hai 2 cotas dispoñibles para ofertar: unha (1) cota para unha embarcación de Fisterra e outra para unha embarcación de Corcubión.

Porén, todas as embarcacións da confraría de Fisterra que figuran na lista, de acordo coa documentación do certificado de conformidade presentado no proceso de elaboración e actualización da lista, xa teñen o número máximo de cotas segundo o número de tripulantes máximos establecidos no dito certificado, polo que non se lles pode ofertar a cota vacante que correspondería a esta confraría.

Así, cómpre empregar a lista para ofertar unha (1) cota dispoñible ás embarcacións da confraría de Corcubión de acordo coa orde de prelación nela, producíndose un empate entre 2 embarcacións que figuran no primeiro posto da lista con 7,00 puntos, pero unha das



embarcacións empatadas (SEGUNDO BRISA, CO-5-1-11), xa conta co número de cotas asignadas en relación o número máximo de tripulantes que pode enrolar segundo o certificado de conformidade presentado e, polo tanto, non resultou necesario efectuar o sorteo e a cota indicada se lle ofertou á embarcación AYENKA, CO-4-1368, sendo rexeitada pola persoa armadora da embarcación.

Deste xeito, a cota pasa a ser ofertada a seguinte embarcación da lista por orde de puntuación. No caso de que esta embarcación non acepte, ao non existir máis embarcacións na lista nin actualmente con posibilidade de inscribirse novas embarcacións na lista desta confraría, xa que se atopan inscritas todas as que participan no plan de xestión, a realización dunha nova oferta nesta confraría quedará en suspenso durante a vixencia do plan ata que se solicite a súa cobertura para algunha das embarcacións en que así o permita o seu certificado de conformidade.

5. No artigo 46 da Orde do 30 de decembro de 2014 da Orde do 30 de decembro de 2015, régúlase o emprego das listas, as ofertas das cotas e as causas de exclusión das ditas lista, indicando que as persoas que non acepten os incrementos ofertados durante dúas veces consecutivas sen causa xustificada non recibirán unha nova oferta durante un prazo de doce (12) meses.

No caso de renunciaren aos incrementos ofertados durante tres (3) veces consecutivas sen causa xustificada, perderán os seus dereitos e a embarcación quedará excluída da lista por un período de dezoito (18) meses, podendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo.

6. A Resolución do 04.05.2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, indica:

- No apartado A.3 do anexo I que con carácter xeral, para o incremento, o número de cotas asignadas ás embarcacións estará en función das persoas que teñan enroladas, á vista do rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación da tripulación enrolada nela e das certificacións profesionais de cada unha delas e considerárase que o rol de despachos está actualizado á data en que a xefatura territorial comunique o emprego da lista para o incremento de cotas nas embarcacións.
- No apartado A.4 do anexo I que o outorgamento de prazas quedará limitado ao número máximo de tripulantes autorizado/as pola Administración marítima.

7. Este departamento territorial é o órgano competente para a elaboración e o control das listas, así como para a súa actualización e para comunicar o seu emprego de conformidade co establecido na sección 4ª do capítulo III e o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.



De acordo con todo o anterior

RESOLVO:

1. Comunicar ás persoas armadoras das embarcacións integrantes da lista aberta vixente para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión conxunto do recurso específico SOLÉNIDOS, modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, das Confrarías de Pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira, o uso da lista para ofertar unha (1) cota para unha embarcación do ámbito da confraría de Corcubión.
2. Ofértase unha (1) cota vacante á embarcación que se cita tendo en conta o número de cotas actuais coas que conta e o máximo de tripulantes que consta no certificado de conformidade:

Confraría	Embarcación	Matrícula	Folio	Cotas actuais	Nº máximo de tripulantes (certificado de conformidade)	Nº de cotas ofertadas
Corcubión	JAVI	CO-5	2029	3	4	1

3. A adxudicación das cotas ofertadas dependerá das persoas que teñan enroladas á vista do rol de despachos da embarcación coa dotación da tripulación enrolada nela e das certificacións profesionais. Para a comprobación disto a persoa armadora da embarcación seleccionada disporá dun prazo de quince (15) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución para presentar a seguinte documentación:

- a) Escrito debidamente asinado no que se indique o número de cotas que se solicita respecto das ofertadas, identificando aos tripulantes enrolados que contan coa certificación profesional correspondente.
- b) Rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación de tripulación enrolada nela.
- c) Certificacións profesionais que corresponda ás persoas tripulantes enroladas, agás as expedidas pola Consellería do Mar, de ser o caso. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo X da Orde do 30 de decembro de 2015.
- d) Xustificante de ter aboada a taxa correspondente para a expedición dos novos permisos de explotación onde quedará reflectido o novo número de cotas.

O artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, establece a obriga de relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas a, entre outros, ás persoas xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica e o artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establece a obrigatoriedade para as persoas traballadoras autónomas de relacionarse a través de medios electrónicos no ámbito do sector público autonómico para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional. Por tanto, as solicitudes e a documentación indicada, deberán presentarse por vía electrónica a través do formulario normalizado de achega de documentación adicional dispoñible na sede electrónica da Xunta de



Galicia (<https://sede.xunta.gal>), dentro do procedemento aberto PE401M. Para a presentación da documentación será necesario identificarse electrónicamente mediante calquera dos sistemas de identificación e sinatura admitidos pola sede da Xunta de Galicia.

Se a persoa armadora dentro do prazo fixado non presentase a documentación ou do exame dela se dedúcese que carece dalgún dos requisitos sinalados na base 1.2 da convocatoria, entenderase que non acepta a oferta do incremento de cotas por desistencia.

De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro e a Orde do 30 de decembro de 2015, a embarcación seleccionada que presentase a documentación dentro do prazo establecido deberá cumprir ademais cos seguintes requisitos para a obtención do incremento das cotas asignadas :

- a) Non ter sancións firmes en vía executiva en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.
- b) Que a persoa tripulante esté en posesión do certificado profesional correspondente.
- c) A persoa armadora da embarcación non poderá ser titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos, debendo renunciar a este.

Se a persoa armadora non acepta o incremento ofertado durante dúas (2) veces consecutivas sen causa xustificada non recibirá unha nova oferta durante un prazo de doce (12) meses. No caso de renunciar aos incrementos ofertados durante tres (3) veces consecutivas sen causa xustificada, perderán os seus dereitos e a embarcación quedará excluída da lista por un período de dezoito (18) meses, podendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Departamento Territorial de A Coruña e na páxina web <http://mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da Xefatura Comarcal de Ribeira da Consellería do Mar e das Confraría de Pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira.

Esta resolución notifícaselle á Confraría de Pescadores de Fisterra, como representante e entidade titular do plan de xestión do recurso específico Solénidos, consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A directora territorial
María José Cancelo Baquero
(asinado dixitalmente)



ANEXO I

LISTA ABERTA PARA O INCREMENTO DE COTAS DE CAPTURA PARA AS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN CONXUNTO DO RECURSO ESPECÍFICO DE SOLÉNIDOS (ordenadas por orde de puntuación) DAS CONFRARÍAS DE PESCADORES DE FISTERRA, CORCUBIÓN E LIRA.

Confraría	Embarcación	Matrícula	Folio	Embarcación cunha soa cota de captura C.1	Experiencia profesional persoa armadora C.2	Habitualidade da actividade pesqueira C.3	Total
CORCUBIÓN	AYENKA	CO-4	1368	0,00	4,00	3,00	7,00
CORCUBIÓN	SEGUNDO BRISA	CO-5	1-11	0,00	4,00	3,00	7,00
CORCUBIÓN	JAVI	CO-5	2029	0,00	0,00	3,00	3,00

- Para as embarcacións que figuran empatadas con 7,00 puntos, a orde na que se amosan é simplemente alfabética e non supón ningunha prioridade. No caso de ser necesario, previamente á oferta de cotas ás ditas embarcacións, o empate resolverase por sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación.

Confraría	Embarcación	Matrícula	Folio	Embarcación cunha soa cota de captura C.1	Experiencia profesional persoa armadora C.2	Habitualidade da actividade pesqueira C.3	Total
FISTERRA	MARIA JESUS	CO-4	1493	0,00	4,00	3,00	7,00
FISTERRA	TRICHA	VILL-2	4866	0,00	4,00	2,00	6,00
FISTERRA	CALA FIGUEIRA	CO-5	1-14	0,00	4,00	1,00	5,00



Os epígrafes de cada columna son: (de acordo co apartado C do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro).

- **TOTAL:** puntos acadados en total.
- **C.1: Embarcacións que só teñen unha cota de captura no plan de xestión: 5 puntos.**
- **C.2: Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación**
Terase en conta que a persoa armadora estivese enrolada como mergulladora en embarcacións que contan coa modalidade nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,2 puntos/mes completo. Non se puntuarán os méritos de formación e experiencia profesional cando a persoa ou algunha das persoas seleccionadas sexan armadoras ou propietarias doutras embarcacións que xa posúan as modalidades de marisqueo de vara ou de recursos específicos no seu permiso de explotación. **A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 4 puntos.**
- **C.3: Habitualidade da actividade pesqueira**
 - Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 15-35 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 1 punto.
 - Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 35,01-60 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 2 puntos.
 - Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva superior a un 60,01 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 3 puntos,**A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.**

